

A FLOR DA FIGUEIRA

Xosé Manuel López Tuñas



Edición a cargo de Cándido Meixide Figueiras

A Luz

Á miña familia e a todos aqueles
que compartiron comigo este camiñar.

Primeira edición, decembro 2015

© do autor: Xosé Manuel López Tuñas

Ilustración da capa: Detalle do mural de Xosé Cobas na Casa da Cultura de Negreira

Maquetación: Rosa Escalante Castro | Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.

Pol. ind. A Reigosa, parcela 19

36827 Ponte Caldelas, Pontevedra

Tel.: 986 761 045

cumio@cumio.gal • www.cumio.com

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra soamente pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-515-4

Impresión: ROCARPE Impresores, S. L.

Depósito legal: VG 735-2015

Impreso en Galicia

LIMIAR

A flor da figueira é o título do primeiro libro publicado polo meu amigo Xosé Manuel López Tuñas. O propio autor, no limiar, preséntase a si mesmo como aquel que deixa pasar o tempo, no caer da tarde, vendo como os raios do sol penetran a través das follas da figueira. Mais ese retrato de home contemplativo non se corresponde estritamente coa realidade. López Tuñas é unha persoa de acción, un home traballador e comprometido que deixou moitas horas da súa vida no exercicio da profesión, na actividade política e no compromiso social.

Mais tamén é un home culto que adicou moito tempo á lectura, ao estudo e a tentar profundizar na realidade para comprender a vida, a historia e o acontecer diario máis aló do superficial. Moitas desas reflexións foinas publicando, nos últimos anos, no seu blog *Ágora* e son a base principal do libro que agora ve a luz. Pero, aínda que os textos fosen publicados en entregas sucesivas na rede ao longo dos meses, o volume que os recolle ten unha certa unidade, un fío condutor que enlaza os sucesivos capítulos e dálle ao libro unha consistencia propia. Non se trata, por tanto, dun feixe de artigos, reunidos para publicar en conxunto, senón que o libro ten entidade propia, ten unha categoría superior ao simple amoreamento de textos.

Este é un texto híbrido, pois non é un libro de memorias —aínda que reflicte e analiza moitos acontecementos da vida local e universal—; non é unha autobiografía —aínda que fai referencia a numerosos momentos da vida persoal e familiar—;

non é un ensaio —aínda que hai moita reflexión e análise sobre diversas materias—; e non é un libro de historia, pero reflicte e analiza numerosos acontecementos históricos de tempos remotos e máis recentes. É un pouco de todo iso, escrito con amenidade e ben documentado. Agrádécese especialmente a documentación gráfica que acompaña os distintos capítulos. Hai algunhas fotos que falan por si mesmas.

O fío condutor do libro é a propia vida do autor, que relata momentos especialmente emotivos do seu avó, dos pais, dos amigos que acompañaron a súa travesía vital e da súa vida familiar, con especiais referencias á compañeira da súa vida, Luz. A través dese leve fío vai enlazando, como elos dunha cadea, numerosas anécdotas, feitos históricos e reflexións sobre a vida cotiá, para conseguir un texto unitario, coherente e sólido.

Hai capítulos máis narrativos e outros máis reflexivos. Algúns teñen unha carga emotiva (cando se recorda a si mesmo na fonte do Carme, a relación cos avós e cos pais, os seu primeiros pasos como ensínante), outros teñen un ton claramente humorístico (como “Que vén o touro!”, onde narra unha frustrada corrida de touros en Negreira); adica moitas páxinas a relatar episodios da emigración —e o admirable labor que fixeron os emigrados en América para mellorar a vida na comarca, coa construción de escolas e outras dotacións públicas— e outras a recuperar, con certa nostalxia, a historia recente da vila de Negreira e da bisbarra (o tempo antigo do Casino, a chegada do cinema, os inicios da modernización agraria etc.). Hai capítulos máis analíticos nos que reflexiona sobre o drama das guerras (a Guerra Civil, a II Guerra Mundial, os campos de concentración), e noutros fai un acendido eloxio da educación pública e unha defensa contundente do dereito á cultura e á igualdade. Nas páxinas adicadas á Guerra Civil e á repercusión que tivo na comarca, fai unha rendida homenaxe aos mortos e aos perseguidos, que tiveron o valor e a decencia de defender a legalidade da República.

Xosé Manuel López Tuñas é un home comprometido, xa o dixemos. Vénlle desde o berce. É un home de esquerdas que nunca escondeu o seu pensamento nin eludiu o compromiso. Tivo,

desde moi novo, unha decidida vocación pola docencia, actividade á que se adicou profesionalmente ata a súa recente xubilación. Moitos alumnos recordan con afecto a súa entrega no traballo, porque Manolo é deses mestres que deixan pegada na vida dos alumnos —como aquel que interpretaba Fernán Gómez na película *A lingua das bolboretas*—. A súa actividade política comezou xa nos tempos da ditadura. Na súa adolescencia integrouse nas actividades das XARC e participou na organización dos primeiros campamentos comarcais —que lles permitiron a moitos nenos da comarca ver, por primeira vez, o mar—. Xa no *tardofranquismo* foi un dos principais impulsores da Asociación Cultural Afonso Eanes e da asociación veciñal de Negreira.

Nos inicios da democracia foi alcalde de Negreira, cargo que exerceu durante doce anos, en tres mandatos sucesivos. É, sen a menor dúbida, o mellor alcalde da historia deste concello. Fixo unha xestión municipal participativa e puxo as bases para que a vila e o concello entrasen na modernidade. Deixou a alcaldía por decisión propia, sen ceder á presión dos conveciños que o animaban a seguir. Recuperou o exercicio da docencia ata a xubilación e foi o principal impulsor da Sociedade Alén Mar, adicada a fomentar os lazos coa emigración de Cuba.

Xosé Manuel López Tuñas é, por enriba de todo, unha excelente persoa, cunha traxectoria persoal, política e profesional exemplar. É un home bo, cun profundo sentido da amizade —neste libro honra a memoria dalgúns amigos—, e eu teño a honra de contar co seu afecto. Con este texto preséntase tamén como un excelente escritor. Teño a certeza de que será un libro moi ben valorado en Negreira e bisbarra, pois recupera relatos e personaxes que merecen estar na memoria colectiva e que, de non ser por este libro, quedarían no esquecemento. Mais tamén despertará interese fóra da comarca, pois no fin de contas as historias que aquí se recollen moi ben poderían ter sucedido en calquera outro lugar.

Pablo Vaamonde García
A Coruña, abril de 2015

Estivo media tarde xogando comigo, tapando o azul do ceo cos brazos e as mans multiplicadas, ollándome cun sorriso dun verde tan intenso coma a luz do sol que agochaba. Parecía unha rapaza botando fóra a humidade das chuvias do inverno e resultaba increíble que, en só dous meses, pasase de ser unha árbore núa, gris, fría e tristeira a este prodixio de vitalidade.

Cando a plantamos era un pequeno ramallo revirado espetado no chan. Cada ano segue a espirse no outono e vestirse de novo na primavera. Recordo moi ben cando botou os primeiros figos. Hoxe, de todas as nosas árbores é a que máis aprecio; ela tamén o sabe. Fun, segundo medraba, configurando a súa forma cortando pólas por un lado e deixándoa medrar por outro. É agradecida, todos os veráns nos protexe dos raios do sol e mesmo se vai estendendo para onde se precisa. No outono reparte un mundo de figos doces e sabedores. A figueira era o símbolo celta da sensibilidade, da meditación e da abundancia e era considerada unha árbore sagrada, unha das 21 que conformaban o seu calendario. Tamén na mitoloxía grega conta con moitas referencias.

Modesta, como as persoas realmente importantes, na primavera non precisa facer gala da súa beleza, por iso a oculta. Nin lle molesta que as malas linguas digan que non ten nin flor como as demais árbores, aínda que non é verdade. A súa medra cara a dentro, agochada nun receptáculo en forma de pera cunha pequena abertura. Son flores pequeniñas que xeran unhas sementes rodeadas dun mesocarpo carnoso e que son os verdadeiros froitos. Porque os froitos non son os figos, senón as sementes que levan dentro. Tampouco lle importa que para polinizarse teña que botar man dunha pequena nespra que fecundice as flores femininas. Dálle igual, ela é así.

É coma moita xente coa que convivimos que, a cada paso, vai deixando un regueiro de recordos que acaban formando parte do vivir de cada quen, configurando un universo colectivo do que todos formamos parte, achegando cadanseus froitos. A miúdo lembramos aquelas que parecen máis grandes, máis brillantes e substanciosas, esquecendo que son ás veces as árbores máis modestas as que agasallan a sombra nas tardes de solpor ou acubillan

nas súas ramas os paxaros piadores, as que enchen de ledicia as nosas vidas.

Deixádeas medrar tranquilas e xa veredes. Ás veces acadan unhas dimensións soberbias que son o pasmo do mundo. En Sao Paulo (O Brasil) existe un restaurante, dos máis recoñecidos da cidade, metido debaixo dunha gran figueira. Asegúrovos que cada unha das súas pólas ten o grosor dun eucalipto. Disque o dono é de Sober, na provincia de Lugo, a vila dos pais dun bo amigo. No Figueira Rubaiyat a miña amiga tamén olla para o chan, observando a tanta xente degustar as carnes máis sabedoras da sabana brasileira.

Por iso é unha árbore que se fai querer. Polas tardes de verán déitome na herba ollando o ceo a través das súas follas, ela xoga a tapalo movendo o seu mundo de mans cara aos lados.

É unha chiscadela da confianza.

Capítulo I

A FONTE DO CARME

Souben, Francisco, que perdiches a memoria. Así, de repente. Que non sabes ben quen es nin a onde vas. Que seguramente te sentes moi só, porque non podes recoñecer nin os que te rodean e te queren, porque a falta de memoria non é máis que a soidade.

A miña rememorou entón o xantar que nos ofrecestes alá tan lonxe, en Río, á familia que había tantos anos que non vías. Os recordos revividos e como tentamos, entre todos, de facer agradable a tristura.

En realidade, non somos máis que memoria, só iso. O presente non é máis que un segundo, é esa mestura de sensacións que quedan formando parte de nós. Non podemos anulala porque é como eliminármonos. Ás veces a memoria transfórmase en emocións que forman parte da nosa vida e que se activan ante calquera estímulo. Entendino ben cando derrubaron a fonte do Carme, onde a xente de Negreira se xuntaba cando ían buscar auga, bebían os camiñantes e naufragaban os barquiños de papel cos que xogabamos ou as ras que tiranizabamos no seu pío. Agora é o nome dunha rúa e un arremedo sen auga chantado na beirarrúa. A desfeita materializárona aqueles que adoitan confundir o antigo co vello. Daquela, perdoeille á nosa fonte, a fonte do Carme, as bágoas infantís da mañá de Reis nas que lle fun amosar, moi cediño, o meu

cabalo de cartón e deille de beber no seu pío. A tristura de volver chorando á casa co xoguete decapitado.

A nosa casa estaba nesa rúa e por alí pasaba o antigo camiño de Santiago a Camariñas, que quedou desviado pola estrada da Cachurra cando se abriu esta vía. A fonte do Carme empataba co Camiño Vello, que no inverno se enlamaba. Foran as dúas vías de tránsito máis importantes, pero descoñecía o motivo polo cal as deixaran de lado, coma se molestasen, malia seren das máis transitadas polos veciños.

Aquela mañá debeu ser o comezo porque foi o primeiriño que quedou na miña memoria. Un remexido de afectos e sensacións, unha calor morna envolta na ollada tenra dos meus pais que me acariñaban. Alí comezaron a cimentarse os recordos que son a base da existencia. Só existe o que queda na consciencia, o resto é coma se unha escorrentía arrastrase todo o refugallo sen deixar ren, todo limpo. Ás veces pregúntome o motivo de que algunhas cousas deixen esa pegada e outras se esquezan, se a vida é un acontecer arreo que non se detén, unha sucesión de minutos e acontecementos que van marcando a nosa existencia e moldeando o noso espírito e o noso ser. Sempre existirá algún sentimento, algunha emoción que fagan certos intres inesquecibles.

Pola mañá, ao espertar, ía dereitiño á cama de meus pais. Alí, ao morno, escoitaba os contos de lobos e paxariños que, acariñándome, os dous ían deixando na memoria. Esa mañá, a primeira que recordo, estabamos co *gua, güe, güi, guo, gu, cigüeña, gusano...*, comezando a ler no RAYAS, pois meu pai, Manolo, dicía que se empezara a falar tan rápido tamén podería comezar a ler antes de tempo; por iso polas mañás liamos na cama ao quente.

Sei que foi un estrondo agradable de gaitas e tambores, unha raiola que rachou o silencio e que fixo que saltásemos da cama cara á fiestra, que se abriu deixando entrar aínda máis clara a melodía. A primeira vez, que eu recorde, que saín ao mundo, un espertar á vida fóra do acubillo da casa e a familia. Unha imaxe de cores que irrumpiu na miña conciencia abríndome as portas á vida.

Era un exército de fantasía, de soldados vestidos de branco e con cintas de cores, todos en formación diante do cuartel da Garda

civil, cun xeneral ao mando que levaba un gorro azul con cintas vermellas e amarelas e portaba unha gran bandeira española. Rodeábano, nas primeiras ringleiras, gaitas e tambores que ceibaban ao aire a súa melodía. Meu pai díxome que eran do Ulla e viñan facer a homenaxe á bandeira.

Foi no mes de febreiro, polo Entroido, que daquela lle chamaban *Fiestas de Primavera*. Que as cousas fosen dun xeito e hoube-se que chamarlles doutro, facíase moi complicado para os meus poucos anos. A realidade era unha, mais tamén había outra, da que se tiña que falar ás agachadas. Dende aquela sempre me pareceu que os maiores complicaban demasiado as cousas sinxelas, seguramente para que os rapaces non puidésemos entendelas. O certo é que, dende aquel día, souben que había moitas historias dos maiores que non entendía e que dalgún xeito tiña que averiguar.

O Entroido eran os preparativos para facer as filloas, na cociña vella comezábbase a poñer a sartaña como cada ano, todo un ritual. As primeiras que saían, quentiñas, eran un agasallo para o padal; tamén as da pedra, que viñan da Casa de Abaixo, a de meu avó e miñas tías; cada dous ou tres días chegaba Herminia cunha fonte chea delas. Pola noite, as orellas sementadiñas de azucre sabían a gloria bendita.

Cada ano, en diferentes lugares do mundo, e como prelude da chegada da primavera, prodúcese unha eclosión popular e festeira que enche de cores e ledicia as rúas das vilas e das cidades. Esta antiquísima celebración ten a súa orixe nas chamadas *festas de ciclo anual*, que nas primitivas comunidades agrarias conmemoraban os cambios estacionais que se experimentaban ao longo do ano. As celebracións máis antigas desta festa en honra da nai natureza e da estación primaveral atopámolos en Babilonia hai uns catro mil anos e en Exipto, na honra do boi Apis, símbolo da virilidade, que contiña o espírito do señor da creación Ptaht. Posteriormente, os ritos da chegada da estación das flores e o amor estendéronse por todo o Mediterráneo. En todo o seu percorrido ao longo da historia, o Entroido foise empapando dos ritos e tradicións correspondentes a cada época e cultura. Así, é clara a influencia de Grecia e Roma coas festas na honra de Dionisio, deus do viño (Baco en

Roma), fillo de Zeus e de Sémele, filla do rei de Tebas, que se criou coma unha nena e é o antecedente dos travestís actuais ou dos homes que se disfrazan de mulleres no noso Entroido. Nestas festas, realizadas na súa honra, enchoupadas dun marcado carácter transgresor, bebíase viño ata perder a conciencia e as bacantes entregábanse a todo tipo de excesos.

Sen dúbida, o compoñente máis destacable do noso Entroido procede da Idade Media, que o impregnou tamén do seu compoñente gastronómico. Para a sociedade rural, fortemente estruturada polo cristianismo, o tempo de *carnestolendas* ofrecía unhas características moi acusadas de raíz pagá e un tempo de permissividade que se opoñía ao posterior rigor da Coresma, período de penitencia e xaxún, como moi ben recolle o Arcipreste de Hita no *Libro de buen amor*:

*De mi, doña Cuaresma, justicia de la mar,
alguacil de las almas que se habrán de salvar,
a ti, Carnal goloso, que nunca te has de bartar
el Ayuno en mi nombre, te va a desafiar.*

É de agradecer ao Entroido as tradicións gastronómicas de Galicia que dende o medievo chegaron a nós, tanto as filloas, esas finas tortas de fariña de trigo e ovo cocinadas sobre unha lousa de pedra ou unha prancha metálica candentes, coma o cocido de porco, elaborado no caldo, prato tradicional dos campesiños europeos durante o medievo e hoxe mesturado con distintas variedades de carnes que, regado cun bo viño da terra, constituíu un pracer imprescindible do Entroido galego.

Esta celebración milenaria conserva en cada lugar as características propias do seu longo camiñar. Así, en Venecia, lémbrese o luxo e boato propio dos burgueses renacentistas; no Brasil, a música, o erotismo e as cores das comunidades de orixe *afro*; en Oruro (Bolivia), elementos precolombianos e dos escravos levados de África pola colonización.

Recluído en España pola ditadura en casinos e outras organizacións de carácter privado, o compoñente popular mantívose,

con contadas excepcións, no ámbito gastronómico e reservado á conmemoración familiar. Nas aldeas e nas vilas pequenas era un divertimento para os rapaces. Coa chegada da democracia, o estalido popular revive o satírico e festivo Entroido, sempre atento a modas e costumes, e volve encher as rúas de festa e ledicia, contando desta volta coa axuda das institucións municipais e escolares (garderías, colexios e institutos), que contribúen a espallar na conciencia popular a semente desta tradición milenaria.

O cuarto dos meus pais sempre era o acubillo no que me refuxiaba cando podía despistarme da vixilancia da avoa Sofía, que tamén vivía connosco, canda a tía Florentina, a *Costureira*, irmá de miña avoa e a quen lle chamabamos así porque a ela lle gustaba. Esa foi a súa profesión de moza. Andaba polas casas cosendo para as familias, percorrendo os camiños coa súa máquina Singer na cabeza, unha modernidade profesional que lle mercara o tío Camilo en Madrid, cando estivo no servizo militar. Grazas á máquina, dicía, cobraba máis ca as da competencia e tiña traballo arreo.

Polo Nadal, cando os do Vilar, que así era como se chamaba a súa aldea, viñan cantar á vila, a primeiriña casa na que paraban era a nosa: “Sofía, *Costureira*... Cantamos?...”. E alá saíamos á porta para escoitar as panxoliñas dos mozos, encabezados por Dorval, o acordeonista da orquestra Ecos de Barcala. O concerto remataba cuns foguetes en pago polo abondoso aguinaldo co que elas os agasallaban mentres as bagullas esvaraban polas engurras das súas facianas.

No cuarto de meus pais había un armario grande de tres corpos e nos dous laterais era onde se gardaban os libros, amontoados e moi ben colocadiños. Centos de exemplares cos que botar horas ollando neles, todo un tesouro que, polo que logo puiden comprobar, non había nas casas dos meus amigos e que me facía sentir moi orgulloso. Por iso entendía que meu pai soubese tanto e de tantas cousas. De cando en vez, amosábame e explicábame os misterios que se agochaban nalgúns deles.



(Foto: Manuel López López)

A nosa rúa estaba flanqueada, por ambas as dúas beiras, pola horta do señor José, o *Tumbacuatro*, e a da señora Soledad, a *Pedra-gueira*, tamén pola muralla do Habilitado, a nosa casa, o lateral da casa de Tumbacuatro e a leira de Joseíño. Os alcumes eran, naquela altura, os que identificaban as casas e as familias. No fondo, alá no baixo da costa, xunto ao enreixado da horta de Villar, estaba a fonte.

Sentado na porta da casa, gustaba de presenciar como transcorría a vida da vila. A fonte do Carme era o lugar onde todos acudían a buscar auga, cos caldeiros e as sellas. Un desfilar de xente que, ao pasar, me saudaba e me turraba pola lingua pois sabían o paroleiro que era aquel neno curioso e tan pequeno. Miña nai, Genoveva, dicía rindo que cando tiña un ano falaba xa *coma unha carretilla*, por iso o meu era observar e logo preguntar: “Quérelo saber todo e aínda es moi pequeno, xa terás tempo dabondo, que para saber das cousas hai que ter anos —dicíame sempre a avoa Sofía—. Preguntar, preguntar, coma se non tivésemos outra cousa que facer!”. Mentres, eu gozaba arreo vendo pasar as mulleres cos caldeiros que levaban a auga para as casas, os veciños da Chancela

que viñan á vila, os nenos que ían e viñan para a escola da Revisora e os rapaces maiores que corrían e brincaban arredor do cuartel da Garda civil.

A señora Sofía, a nai de miña nai, era unha muller moi seria e respectada, tamén triste. Cando era nova quedara soa con catro fillos pequenos, pois o seu home marchara para Cuba e tardara moitos anos en volver. Tivo que sacar adiante a familia traballando arreo, sufrindo as consecuencias dese labor en solitario. Así mesmo os fillos maiores tamén colleron camiño da illa, agás Camilo, que marchou da casa ao casar. De maior, meu pai e miña nai decidiron traela a vivir á nosa casa, deixando todo alá, na aldea. Queríámoslle moito. Logo, veu tamén a tía Florentina, a *Costureira*. Nas noites de inverno pasabamos as horas ao redor da cociña, escoitando historias doutros tempos e rindo coas súas ocorrencias; tiña un carácter máis ledo e era moi enxeñosa.

Os rapaces, na nosa inxenuidade, identificabamos a beleza coa bondade e a fealdade coa maldade. Debía ser por iso que un dos meus grandes medos fose Prudencio, que todos os días ás seis da tarde viña de volta do seu traballo na casa de Choncha de D. Alfredo. Prudencio era de mediana estatura, fraco e sen dentes. Os seus beizos metíanse cara a dentro coma se quixese engulilos e a súa faciana semellaba a dun paxaro. Levaba a chaqueta e o pantalón de pana cubertos de remendos, igualiño ca un mapamundi, unha camisa sen colo e uns grandes zocos. Tamén cargaba sempre cunha bolsa de pano chea de non sei que e colgada do ombreiro. O primeiro día que o vin escapei correndo para dentro da casa. Escoitei fóra o seu riso e un berro: “*Rapás, que che levo!*”. Os esforzos de meus pais non serviron para convencerme da súa inocencia. Ás veces parábase a falar cos meus, que non deixaban de explicarme que era un home bo e entrañable, mais xa estaba sentenciado: Prudencio era o home do saco do que tantos contos se contaban. Durante anos, o protagonista dos meus pesadelos e dos meus medos. As seis da tarde pasou a ser unha hora prohibida na que había que recollerse e ollar dende dentro a que pasase Prudencio.

A de Choncha, a casa de D. Alfredo, está na parroquia de Logrosa, xusto ao ladiño. Din que aos dela lles pasaron cousas moi duras, que se volveu tola polo sufrimento e que non volveu saír da casa, camiñando soa pola horta que lle coida o Prudencio. Os rapaces tamén dicían que vixiaba polas noites de verán para que os pícaros non lle levasen a froita. Ir ás mazás de Choncha era unha aventura e un reto ao que só se expoñían os máis arriscados. Entre os cativos propagábase o ruxerruxe de que unha vez disparou cunha escopeta entre as pólas das árbores para espantalos e que non lle arramplaran con todo.

DENDE O ALTO DO CASTRO

Os meus amigos de Logrosa presumían de que a súa parroquia era máis antiga ca a de Negreira, pero moito máis, cando xa vivía xente no castro. En datas remotas que eu tiña ben localizadas na ladaíña que cantabamos na escola de Marita:

Primero vinieron los iberos, los celtas, los celtíberos, los fenicios, los griegos, los cartagineses, los romanos, los visigodos y por último los árabes; todos estos fueron pueblos que nos dominaron, luego viene la Reconquista, los Reyes Católicos, los reyes de la Casa de Austria, los reyes de la Casa de Borbón, la Guerra de la Independencia, la Constitución de Cádiz, la Guerra Carlista, la República y por último el Generalísimo Franco!

A coro e con ritmo. Pois alí, no primeiriño, o castro. Logo explicouno ben D. Marcelino. Era unha gloria escoitalo nas clases da mañá, que nós seguíamos polos debuxos da Enciclopedia Álvarez, esquemáticos e sinxelos que parecían feitos por nenos. Os celtas, esas tribos guerreiras que tanto deron que facer aos romanos e que vivían no alto dos castros rodeados de murallas, belicosos e gandeiros. D. Marcelino era un mestre distinto dos da súa época, dialogante e correcto cos alumnos, o que se di un educador. Sorprendíame ás veces velo botar longas parrafadas co meu pai,

charlas que me deixaban inqueda e que a miúdo preguntaba, ao chegar á casa, que lle dixerá de min. Meu pai sorría e dicíame que falaban doutras cousas; nin sequera imaxinaba eu que outras cousas podían ser nin miña nai daba resposta ás preguntas e sempre contestaba o mesmo: “Non te preocupes, son cousas deles”.

O certo é que se preocupaba moito por nós, ata chegou a insistir tanto ao alcalde Abeijón, que un día chegou un camiión cargadiño de mesas novas. Aquilo si que foi un acontecemento! Un día enteiro sen clase retirando os vellos bancos e alucinando cos novos pupitres, *bipersois* e relucentes coma espellos. Parecían o interior dunha buguina de nácara. Ata unha moderna mesa de profesor e armarios. Quedamos abraizados. Xamais imaxinamos que puidese existir unha escola tan moderna e mesmo os da Barquiña trouxeron flores para os vasos. O aviso foi turbador:

“Nin unha raia, nin unha rañadura nunha destas mesas, xamais, terase que ver sempre a luz reflectida nelas!”.

A resposta foi fregalas todos os días cos antebrazos para mantelas relucentes.

Na hora do recreo o balbordo estaba asegurado, o partido de todos contra todos era correr e correr para, polo menos unha vez, tentar tocar a pelota. Todos menos Jorge, que sentado nos chanzos da entrada do W. C. ensaiaba as cancións que mercaba na feira. Por riba do balbordo sobresaían as estrofas de “Soy minero” ou calquera de Luis Mariano. Jorge, de maior, quería ser vocalista e xa falara con Pepe do Andiano, que llo prometera pois sabía que tiña boa voz. Co tempo chegou a cantar na orquestra Ecos de Barcelona, ata que emigrou para Inglaterra. Moitos anos despois puxo un pub en Santiago, O Galo de Ouro, e sempre foi un rapaz con intereses e afeccións distintas aos máis.

Un día díxonolo a Pepe Ruso e mais a min:

“Eu vou moitos días ao castro, aquilo é impresionante, din que hai tesouros e xa atopei algo. Cando vaia bo tempo, lévovos”.

Unha tarde de sol alá fomos, logo de pasar pola súa casa da Chancela de Arriba, onde nos ensinou algunhas das súas xoias: tres esqueletos de revólveres da guerra civil, un deles aínda conservaba o tambor; e os do castro, dúas enormes rochas de cuarzo

rosado, dúas piñas cubertas de perfectos prismas refulxentes e brillantes coma esmeraldas. “No cumio —dixo— hai unha canteira e alí poden atoparse”.

A vista do río Tambre dende o alto do castro de Logrosa impressiona, un meandro xigante abraza o outeiro e á esquerda a estrada de Santiago pasa pola Barquiña. Os coches parecían xoguetes atravesando un belén e os toxos floridos e o amarelo das xestas das ladeiras dáballes un aquel de xardín. Contounos Jorge que, máis abaixo, onda a igrexa, atoparan estatuas e lápidas que levaran, había varios anos, para a casa do Sastre e, despois, para algún museo de Santiago. E como dicía o noso amigo, si que había tesouros; a primeira colección que fixen na miña vida, ao pé da ladeira, escaravellando con ferros nunha zona barrenta. Polos amigos, fillos de gardas civís, sabiamos cando ían ao tiro e, ao marcharen, sacabamos as balas de metal brillante, eses cuspidos dos poderosos, autoras do comezo e final de tantas historias. As do máuser, o enorme fusil co que me parecía imposible facer puntería, de tan longo e pesado que era e do que dicían que podía abater unha persoa dende mil metros de distancia; as do *navanxero*, o pequeno subfusil da Fábrica de Armas da Coruña, que ao bater a culata contra o chan cuspiá tiros sen control; as do *pistolón*, todas clasificadas e metidas en tubos de cristal coma nunha exposición. Foi o primeiro tesouro da miña infancia, conservado en tubos dos medicamentos.

Logo, máis adiante, a dos prospectos de cine, que cada semana se repartían polas casas, preludio de historias que primeiro se intuían e cada domingo pola tarde se materializaban no cine Progreso. Domingo tras domingo historias e sociedades descoñecidas para nós e que, pouco a pouco, iamos clasificando por xéneros e temáticas e remataban formando un conxunto con lóxica, ao que se lle atopaba senso. Despois a de selos de correos, sacados das cartas da casa e dos caixóns e baúis da do meu avó. Os países que tiñan outros nomes: Helvetia era Suíza; Deutschland, Alemaña; Ceskoslovensko, Checoslovaquia. Nada era na realidade como se dicía: edificios e paisaxes, fauna e flora; o pracer do primeiro álbum e o colocar por países e series, épocas e valores. España, Al-

fonso XII, Alfonso XIII, República española, Francisco Franco. Todo debidamente colocado e ordenado o mesmo que os feitos históricos que, illados, por si mesmos non teñen senso.

Algúns días, Manolito Sánchez e mais eu admirabamos a xigantesca colección de Xulio, o *Garda*. Cando estaba de portas pasabamos horas ollando da súa man os álbums perfectamente clasificados; unha borracheira de cores imaxinando distintos países a través da flora e da fauna que neles se reflectían e aprendendo, ao mesmo tempo, a xeografía postal do mundo.

Pasados os anos, as moedas; centos e centos que os amigos me ían achegando; quilos de álbums dos países máis remotos que moitos me axudaban a xuntar. Non era afán por ter, senón o desexo de poñer as cousas no seu sitio: ordenar, clasificar, descubrir, entender; a curiosidade de saber o que se agochaba detrás de cada cousa, descubrir a vida oculta dos obxectos e entender aquela realidade escura na que viviamos.

Tamén os libros, os coñecementos, sempre coa axuda dun pai que explica as lagoas e ensina a aprender o sentido práctico das cousas:

“Non memorices as fórmulas, enténdelas e dedúceas; o volume dos corpos xeométricos é a área da base pola altura e, se acaban en punta, divide por tres. Non fagas caso, a historia non foi así, hai que basearse nos feitos reais porque o resto é propaganda interesada”.

Dende pequeno entendín que a vida é unha secuencia cun argumento do que as vivencias cotiás non deixan de ser fotogramas que non teñen senso se non se relacionan e se lles busca a súa razón de ser. Algo así como a historia clínica, sen a que non se lles poden atopar solución aos males nin axudar a manternos sans.

Alí, onde o río Támara (Tambre) busca a saída cara ao mar, entre outeiros verdes e veigas féraces vivira Aebura Cilena. Dende o alto do castro de Logrosa, as casas do poboado baixaban pola ladeira ata estenderse preto da ribeira, botándose fora dos muros que o protexían dende moi antigo. Coa *pax romana* esa comunidade de agricultores e gandeiros acabou estendéndose ata a fértil veiga fluvial.